

ALEJANDRO S T O C K



DA MEMORIA MIGRANTE

Do 1 ao 15 de Xuño de 2007

Edificio Administrativo da Xunta de Galicia, Lugo.

Horario: 9 a 14 horas y 16:30 a 20 horas (días laborables)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Delegación Provincial de Lugo

O traballo dun ou dunha artista é o resultado do apresamento, do camiñado, das circunstancias que lle toque vivir, da súa cultura e das bagaxes ancestrais que esta contén.

A técnica é unha ferramenta que lle permite apostar por estes contidos, xunto co esforzo constante e a súa creatividade posta a proba de cotío.


Se todos estes elementos se xuntan, a nosa mirada, a mirada dos outros e das outras, será a encargada de lexitimar esa obra, cando nos chegue transformada en emocións.

Deixemos entón que estas flúan libremente e propiciemos o goce.

Luz Darriba




Pegadas I



Pegadas de amor (futuro)



Pegadas V



Pegadas VI

Alejandro Stock realizou máis de 120 exposicións colectivas e individuais en Uruguai, España, Hong Kong, Alemania, Hungría, Estados Unidos, Chile, etc. foi seleccionado, nomeado e recibiu distincións en máis de corenta oportunidades, tanto a nivel nacional como internacional, en eidos que van dende a pintura e a escultura, ata a literatura, a fotografía ou as artes escénicas, incluíndo cine ou teatro. En paralelo á súa carreira artística xestionou diferentes actividades culturais, construíndo así, pontes de comunicación e interculturización entre España e Uruguai, así como proxectos colectivos entre diferentes países de Iberoamérica e España. Conta coa escritura como outro soporte máis para a expresión dos conceptos que traballa na súa obra, tanto a escritura en si mesma, a escritura integrada ao obxecto creado, así como colaborador e columnista en diferentes medios de prensa, sempre dende o lugar da opinión e a reflexión construtiva dentro do mundo da cultura-espectáculo. Dentro dos proxectos realizados pódense destacar, "Memoria Xenética", no Museo de Belas Artes de Salto, traballando sobre a orixe das sociedades integradas a partir da emigración ao Cono Sur, á cal pertence, "Tanto Tempo", sobre os cambios sociais a partir do concepto de "tempo" e a súa resignificación fronte á rapidez coa cal o mundo estase movendo, "O belo e o profano", mural homenaxe aos modernos e os camiños que estes mestres abriron dentro da arte, para que hoxe os artistas poidan transitar a creatividade con total liberdade, e para rematar, "Doer, Perder, Amar", propoñendo o amor fronte á dor como porta de saída a un conflito de integración que necesita ser abordado definitivamente.

Actualmente atópase traballando en "Memoria Migrante" (desde o ano 2003) proxecto interdisciplinario onde se integran máis de cincocentas esculturas, pinturas, literatura e intervención espacial como abordaxe dende a vivencia persoal e colectiva ao proceso integracional social. Realizouse unha presentación parcial do mesmo na Galería Roberto Resino de Madrid en marzo-abril e outra en Lleida en maio de 2007.

